



A grande cuestión é o traballo

O traballo á luz do pensamento do Papa Francisco

Fernando García Cadiñanos¹

1.- O traballo está a mudar: como ler un futuro incerto?

Pensar o tema do traballo no pensamento do Papa Francisco fainos descubrir como o Papa Francisco nos axuda a ter unha actitude e a abrir un proceso na nosa Igrexa perante a realidade do traballo. Este camiño e este proceso revélanse en pasos que non están moi lonxe do que sería a revisión de vida da Acción Católica. Aínda que fundamentalmente profundan nunha forma de estar como Igrexa na realidade do traballo e que axudan a edificar e alicerzar unha necesaria pastoral do traballo.

Cal é este camiño que o Papa Francisco nos convida a seguir e a vivir? Eu diría que fundamentalmente atravesamos tres pasos: ollar a realidade desde a proximidade a cada persoa, facer que esa ollada estea chea da misericordia que transforma o ollar, derivar a nosa proximidade á realidade sufrinte en indignación que decorra a un proceso de mudanza e transformación do que se vive.

É un camiño que comeza sempre pola actitude de escoita e de aproximación-encarnación da realidade. É a proximidade a cada historia, a cada persoa, para non xeneralizar, para plasmar cada

¹Fernando García Cadiñanos é Licenciado en Ciencias Sociais (Doutrina e Ética Social) pola Pontificia Universidade Gregoriana de Roma. Desde o ano 2021 é bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol. Na diocese de Burgos, da que procede, foi delegado de Pastoral Obreira e delegado diocesano de Cáritas (2015).

proceso na persoa. É a centralidade da persoa, a redescuberta da súa centralidade. O que o traballo significa hoxe require un ollar desde as periferias que nos axude a ter outro punto de vista, outro horizonte. Un ollar que, se estiver baseado na misericordia e no sufrimento, levaranos tamén á indignación: Non hai dereito! Temos que exixir e temos que traballar por outro mundo, por outro sistema económico, a partir da conciencia de que o traballo ocupa un lugar fundamental na vida das persoas. Un paradigma económico que se edifique a partir dunha economía amiga do ser humano. Tamén a partir do que o traballo significa na nosa sociedade, porque o traballo é a base de todo o sistema social, de como nos organizamos socialmente.

A partir desta certeza, os camiños que o Papa nos convida a percorrer con este ollar condúcennos a unha indignación baseada na centralidade do que é o traballo nunha concepción antropolóxica centrada na dignidade do ser humano. Este camiño lévanos, fundamentalmente, a propor unha transformación do sistema económico en termos dunha economía amiga do ser humano.

É esta a percepción que teño despois de ter lido moitos textos do Papa Francisco sobre o traballo. Moitos deles están reunidos no libro *No os dejéis robar la dignidad! El Papa Francisco y el trabajo*, publicado polas Ediciones HOAC². A edición é de 2018 e debería ser actualizada con todos os textos que o Papa continuou a producir despois desa data, cos que enriqueceu o seu maxisterio. Como vedes, non estou aquí para descubrir nada novo, mais creo que o que o Papa di, axúdanos a camiñar e a realizar un proceso que é tamén fundamental no futuro da Igrexa.

Parto dunha primeira afirmación, a afirmación de que o traballo hoxe se está a transformar radicalmente na súa forma, no seu significado, na

²CANALES FERNÁNDEZ, ABRAHAAM (Ed.), *No os dejéis robar la dignidad! El Papa Francisco y el trabajo*, Ed. HOAC, 2018.

súa realidade. Aí radica a importancia da reflexión do maxisterio, e igualmente a súa dificultade. Estamos a vivir unha realidade de incerteza, que é basicamente, a realidade do noso mundo “O noso mundo está cheo de incertezas”, dixo recentemente Sebastián Mora. Estamos a vivir unha situación radicalmente diferente da situación que moitos de nós vivimos ata agora nos contextos occidentais. Na nosa historia había unha ruta máis ou menos prefigurada. Había un pacto social global que se estableceu sobre a importancia do traballo e que concluía que unha persoa que estudase tería un bo emprego que lle permitiría acceder a unha vida máis ou menos digna, coa constitución dunha familia, coa inclusión na sociedade, con dereitos garantidos que a levarían a desenvolver esa familia, a criar fillos e, no futuro, a ter acceso a unha pensión. Con outras palabras, era posíbel establecer un itinerario de vida centrado fundamentalmente no traballo. Esta certeza foi agora destruída. Hoxe non hai garantías de que os estudos conduzan a un emprego, de que o traballo permita unha vida digna, nin de que ese traballo se prolongue ao longo da vida para chegar ao retiro laboral. Vivimos nunha sociedade en que a incerteza se instalou no centro do seu ser e iso tivo consecuencias no ámbito do traballo.

O traballo hoxe, din os sociólogos e analistas do noso tempo, está fundamentalmente marcado por tres características: precariedade, temporalidade e inestabilidade. Algo que altera substancialmente o modelo laboral dos últimos tempos e que nos leva a ter de encarar a realidade do traballo so outras perspectivas. Vivimos nunha sociedade do traballo, unha sociedade onde todo se establece con base no traballo, onde os dereitos son asumidos, aceptados e vividos a través do acceso ao traballo, onde a inclusión social se fai basicamente desde o traballo, e porén, paradoxalmente, vivimos nunha sociedade sen traballo.

Así o demostran as cifras. Sabemos que hai corenta e sete millóns de persoas en España e que máis ou menos só a metade delas están

activas. Das persoas activas, 12% están desempregadas e máis de tres millóns son empregados públicos. Ademais esta realidade do traballo fálanos dun forte desinterese. Falamos hoxe da sociedade dos dous terzos, onde un terzo da poboación está condenada a vivir na precariedade ou na pobreza. É precisamente o traballo o factor desintegrador da sociedade. Hai un número cada vez menor de traballos esenciais e ben remunerados, e son cada vez máis os traballadores que viven nunha situación inestábel, moi precaria, con traballos que eles mesmos chaman “traballos sen sentido”.

Outro elemento característico da nosa época é que o traballo se vive con grande flexibilidade. Para moitos, esta flexibilidade é unha garantía de liberdade, unha garantía de futuro. Mais para a grande maioría, esta flexibilidade é vivida con ansiedade, con desespero, con stress. A mesma palabra, a mesma situación para algúns é unha garantía de progreso e para outros é unha garantía ou unha realidade de indignidade.

Para completar o paradoxo que describe hoxe o mundo do traballo, vemos que existe un 12% de desempregados e, entrementres, hai un grande número de postos de traballo sen encher. A oferta e a demanda non se equilibran e hai que preguntar o porqué.

Esta realidade de incerteza complícase se ollarmos para todo o que está "a chegar" no que xa pode ser considerado a cuarta revolución industrial que está a piques de acontecer co avance da intelixencia artificial, da automoción e da dixitalización.

Isto lévanos a reflexionar sobre a urxencia de os traballadores teren a capacidade de aprender ao longo da vida, en caso contrario corren o risco de exclusión. Non se trata soamente de mudar de lugar, de posto laboral, de zona de traballo, senón que se nos pide a capacidade de aprendizaxe permanente para acoller e aceptar esa flexibilidade.

Se seguimos facendo unha breve descrición do que nos acontece no mundo do traballo, achamos tamén que o noso mundo descubriu a enorme capacidade que ten a demanda sobre a oferta para mudar e transformar os procesos produtivos. Efectivamente, hoxe vemos a forza do consumidor, das redes sociais... mais a pregunta tamén é unha pregunta ética: é certo que a demanda é a que pode someter o mercado aos “seus” intereses? De verdade a demanda ten vontade, por exemplo, de pagar máis para garantir uns salarios dignos, que garantan unhas condicións dignas no posto de traballo? Si, a demanda ten unha forza, mais se non tiver unha forza ética, que a sosteña desde claves de auténtico humanismo, dunha ética “amiga do home”, como dicía o Papa Bieito, iso acabará por se tornar unha mera brincadeira ao sol.

Finalmente, quixese sinalar, neste breve panorama do que hoxe acontece na transformación do mundo do traballo, o que acontece nas relacións do lecer e do tempo libre e a súa relación co traballo. Hoxe percibimos a importancia que está a coller a realidade do descanso para os intereses das persoas. Abonda con falardes con calquera empresario con quen poidades estar en contacto, e el diravos que a maioría das persoas, cando olla para o seu contrato de traballo, non olla tanto para o salario, senón que olla fundamentalmente para o respecto ao descanso e, con el, para a posibilidade de se desenvolver para alén do mundo do traballo. Xa na Biblia se nos ensina que o é o descanso o que dá sentido ao traballo: Deus descansou para contemplar, para posuír, para dominar. O descanso hoxe como peza fundamental na realización do ser humano máis ca a virtude do traballo.

2 - Ollar para a dor e o sufrimento de cada persoa

Desde esta situación de mudanzas, vexamos coma afrontar o tema do traballo no Papa Francisco. O que me impresiona é a súa capacidade de

nos axudar a ollar, a escoitar, colocando as persoas no centro. No centro do pensamento do Papa Francisco non están as teorías, nin os principios morais absolutos ou doutrinais, senón a realidade de cada persoa. Esta é a primeira lección que o Papa Francisco nos suxire como proceso, non só no dominio dunha pastoral do traballo, senón como chave de todo o seu pontificado. É ese ollar para a situación real a que nos axuda a ollar para o sufrimento, para a dor, e facelo fundamentalmente desde o que significa a escoita, poñendo o foco non tanto nas teorías, non tanto nos principios, senón en cada persoa e no exercicio da misericordia.

El afirma que “o traballo pode facer moito mal porque pode facer moito ben”. Ten esa dobre capacidade: de nos axudar a crecer e de nos degradar. Exactamente porque o traballo ten a capacidade de realizar a persoa, de facer moito ben, tamén pode xerar moito sufrimento. Fundamenta esta afirmación cunha serie de anécdotas sobre realidades laborais. Para citar algunha: di ter coñecido a experiencia de persoas que buscan emprego nunha fila de espera. O patrón impón as condicións: 600 euros ao mes, 11 horas de traballo, sen posibilidades de sábados e domingos... "Iso é pouco diñeiro", responde a persoa interesada, ao que o patrón responde: "Ben, olle aí a fila, se non o quere, outras persoas aceptarán o que vostede recusa".

Esta realidade, esta ollada sobre historias concretas, axúdanos moito a abordar o que podería ser unha pastoral do traballo. É preciso descubrir que o traballo non existe, o que existe son persoas que traballan e que están condicionadas no seu compromiso persoal, social, mesmo eclesial, por unha realidade moi complexa como é o traballo. O papa é consciente desta complexidade, desta diversidade do mundo do traballo, do moito sufrimento que se esconde detrás de moitas situacións laborais. Tentarei facer un elenco moi resumido dalgunhas.

En moitas ocasións fala da realidade do desemprego, que é hoxe unha das principais características do mundo do traballo. Di, por exemplo, na *Amoris Laetitia*: "É comprensíbel que o desemprego e a precariedade do traballo se transformen en sufrimento, como se observa no libro de Rut e como Xesús recorda na parábola dos traballadores sentados en ociosidade forzada na praza da vila. É isto o que a sociedade está a vivir traxicamente en moitos países, e esta ausencia de fontes de traballo afecta a serenidade das familias de diferentes maneiras". O desemprego como unha realidade de sufrimento que condiciona.

Outra realidade de sufrimento á que o Papa nos convida a abrírnos é a do traballo negro. Como el afirma, nos comezos "semella levar beneficios económicos ao individuo, e porén a longo prazo non permite ás familias contribuíren e teren acceso segundo xustiza ao sistema de pensións. O traballo negro falsea o mercado de traballo e expón os traballadores a formas de explotación e inxustiza".

Outra situación que refire é a do traballo precario, unha forma de traballo que ten un impacto fundamental na vida activa dos mozos e mesmo dos máis vellos que se encontran en situacións de vulnerabilidade. "A precariedade, di o Papa, debe ser transitoria e non pode continuar en exceso, en caso contrario acaba por xerar desconfianza, favorece o adiamento das escollas de vida dos mozos, afasta os rendementos do sistema de seguridade social e aumenta a caída da taxa de natalidade".

A par destas, outra causa de sufrimento na realidade do traballo é o ritmo de traballo. O Papa é consciente da aceleración das mudanzas na humanidade e no planeta, unha aceleración que é vivida con particular intensidade nos novos ritmos de vida e de traballo. Estes ritmos de vida e de traballo teñen un impacto fundamental na familia. Son as familias as que máis sofren cos problemas decorrentes dunha ma situación no ámbito do traballo. Os horarios de traballo son longos e moitas veces

agravados por longos desprazamentos, sobre todo nas grandes cidades. Isto non axuda as familias a se encontraren unhas coas outras e cos seus fillos, a fin de alimentaren diariamente as súas relacións.

Como vedes, el olla para os pormenores, coñece a realidade, preocúpano as historias concretas das persoas. Todos somos conscientes de que, en numerosas ocasións, chama a atención sobre a situación da mocidade. Para el o mundo do traballo é un ámbito onde os mozos experimentan as maiores formas de exclusión e marxinação. A primeira e máis grave é o desemprego xuvenil. Ademais de empobrecer, “a falta de traballo reduce a capacidade de soñar e de ter esperanza dos novos e privaos da posibilidade de contribuíren ao desenvolvemento da sociedade. O traballo precario é moitas veces o resultado da explotación laboral por intereses económicos”.

E se unha das preocupacións do Papa son os novos, que o mercado de traballo torna descartábeis, a outra área de preocupación papal é a situación dos vellos. Referente a eles sinala:

É unha sociedade insensata e de vistas curtas a que obriga os vellos a traballar demasiado tempo e obriga toda unha xeración de mozos a non traballar, cando deberían traballar para si mesmos e para todos.

Nesta ollada sobre os grupos afectados por unha situación de traballo indigna do respecto e da dignidade da persoa, o Papa tamén repara na inmigración. Nun discurso seu sinala:

Outro problema grave é o número notábel de homes e mulleres forzados a buscar traballo lonxe da súa terra natal. A pesar da súa esperanza nun futuro mellor, baten coa incomprensión e a exclusión –e teño a certeza de que moitos de vós poderían pór rostro a estas palabras– para non falar de cando pasan por traxedias e catástrofes. Tendo enfrontado tales sacrificios, estes homes e mulleres non conseguen moitas veces encontrar un traballo digno (porque non nos rouban traballo, senón que aceptan os traballos

que ninguén quere) e tórnanse vítimas de tráfico, de traballo forzado e de redución á escravitude.

O mundo do traballo vese afectado por unha reestruturación económica provocada polo progreso tecnolóxico, o que se expresa no interese por reducir custos de produción, que se vinculan inmediatamente na diminución dos postos de traballo, que son substituídos por máquinas. Neste sentido, fai unha análise interesante desta realidade tecnolóxica que afecta o mundo do traballo, dicindo o seguinte:

A acción do ser humano pode virarse contra el mesmo. A diminución do emprego tamén ten un impacto negativo na economía a través da erosión progresiva do capital social, ou sexa, do conxunto de relacións baseadas na confianza, na competencia e no respecto polas regras que son indispensábeis en calquera convivencia civil.

Ocorre que as disfuncións económicas inclúen asemade custos humanos. Cando a reforma tecnolóxica tenta de reducir os custos no ámbito laboral, iso tamén ten consecuencias: non só persoais en termos de perda de postos de traballo, senón tamén en termos de transformación das relacións de confianza, das relacións e das regras de convivencia, que á súa vez ten a súa repercusión na esfera económica.

Porén, neste repaso do que acontece no mundo laboral, reparádomos nos seus colectivos ou situacións, eu diría que o que máis magoa o Papa son fundamentalmente dúas cousas: por unha banda, como o dominio do traballo é un factor importante na desigualdade que se agranda neste mundo e, asemade, como esta situación de desigualdade, que el chama falla de equidade, provoca inestabilidade social.

Para o Papa Francisco a desigualdade ten moitos factores. E un deles ten que ver coa cultura da competitividade que se expresa na realidade

dos traballadores pobres, cunha situación na que os salarios non tiran da pobreza as persoas que traballan. É significativo que o Papa saliente como esta mentalidade meritocrática repercute na desigualdade, a pedra angular da falla de equidade do noso mundo.

En que consiste a meritocracia? O Papa di o seguinte:

O novo capitalismo, a través da meritocracia, dá un carácter moral á desigualdade porque non interpreta o talento das persoas como un don; o talento non é un don segundo esta interpretación, senón un mérito, determinando un sistema de vantaxes e desvantaxes acumulativas.

E cun exemplo explica moi ben o que quere dicir:

Se dous meniños nacen con talentos ou oportunidades sociais e económicas diferentes, o mundo económico dálles talentos diferentes como mérito e remunéraos de forma diferente; e así, cando os dous meniños cheguen ao retiro, a desigualdade entre eles terase multiplicado.

Decatádevos: cando alguén ten condicións (talentos) diferentes, a nosa sociedade analiza isto desde a clave do mérito, non desde a clave do talento (don), e tómase como premio ou castigo. Isto, ao final, fará que uns teñan máis e outros menos, e conducirá a unha sociedade terriblemente inicua, terriblemente desigual. Penso que o que mais doe ao Papa neste eido é ver como o traballo contribúe á desigualdade na nosa sociedade.

O tema da falla de equidade é moi importante no pensamento do Papa. Segundo el, podemos analizar o que di a *Evangelii Gaudium*. A pobreza está na base da inestabilidade social, da violencia, da conflitividade... E cando unha sociedade está en permanente ou latente conflito, é caldo apropiado para o populismo (vexamos o que está a acontecer na América Latina e noutras latitudes), que pon en crise a democracia. Por iso, cando non se traballa, ou trabállase mal, ou trabállase pouco, ou

trabállase de máis, é a mesma democracia a que entra en crise, porque todo o pacto social asentado no traballo estábel reséntese.

En efecto, comezan a existir espazos en que se reafirma a urxencia de procurar un novo pacto social. Todos somos conscientes de que o pacto social nas nosas sociedades foi fundamentalmente construído cando se estableceron os principios do Estado Social, que asenta fundamentalmente na realidade do traballo estábel.

3.- A empatía leva á indignación e á loita por un mundo diferente

A ollada ao mundo do traballo no noso tempo desde a clave da misericordia, como forma dunha pastoral do traballo, non nos pode deixar indiferentes. É verdade que non nos podemos quedar nunha mera empatía ou nunha falsa solidariedade, senón que nos ten que indignar. Como tantas veces aparece no evanxeo, teñen que se nos “remexer as entrañas” para mudar a situación. Temos de nos indignar para loitar por un mundo diferente. Quen olla e toca a realidade, vese afectado e comprométese polas causas que provocan dor. Tamén nós exclamamos: Non hai dereito! Temos que mudar isto! Temos que facer algo!

É isto o que o Papa veu dicindo en todos os seus discursos nos varios encontros cos movementos sociais. Supoño que todos vós os lestes nalgún momento e seguistes o proceso dos encontros do Papa cos movementos sociais. Neles, referiuse ao lema dos tres "T": Teito, Terra, Traballo. A partir desas claves, profundou a indignación. Nun deses discursos, que resume un pouco a afirmación que quero mostrar, dinos:

Ningunha familia sen vivenda, ningún campesiño sen terra, ningún traballador sen dereitos, ningunha persoa sen a dignidade do traballo. Que a todo traballador, estea ou non no sistema asalariado formal, debe ser garantido o dereito sagrado a un salario digno, á seguridade social e á cobertura das pensións.

Este non hai dereito, esta procura da clave do traballo como dereito, conduce tamén fundamentalmente a un paso consecuente, que é a procura e a loita por u mundo diferente. Porén, non hai receitas, cadaquén debe de encontrar o seu camiño. Por iso, é ben facelo a partir da clave das preguntas. O Papa Francisco convócanos e provoca a unha mudanza de vida. Non fala só a partir dunha afirmación, dun maxisterio rigoroso, senón que se sitúa, coma Xesús, a partir da pregunta. Non sei se reparastes en que no Evanxeo aparece moito esta clave, e ti que cres? Que é que ti pensas? O Papa tamén fai algo así. Por exemplo, observámolo no último documento, *Laudato Deum* 33:

Na conciencia de cadaquén, e perante os meniños que pagarán os danos dos seus actos, xorde a cuestión do sentido: cal é o sentido da miña vida, cal é o sentido do meu paso por esta terra, cal é o sentido do meu traballo e do meu esforzo?

Coido que esta chave para nos axudar a interrogármonos pode suscitar a urxencia de mudar, a urxencia de traballar para mudar o noso mundo, para facer un mundo diferente. O Papa Francisco hanos indicar algúns camiños nesa necesaria mudanza. Porén, antes permitídemme que repare na centralidade que o traballo ten no maxisterio deste pontificado.

4 - O grande tema é o traballo

Porque sinto que este é o tema do pontificado do Papa Francisco. Desde o meu punto de vista, o tema do traballo é un eixo central e fundamental. El mesmo o di nun dos seus documentos. En *Fratelli Tutti* 162 afirma: "O grande tema é o traballo". E noutro lugar afirma que o traballo é unha "prioridade do Papa". De feito, son innúmeras as ocasións e intervencións en que aborda directamente a cuestión do traballo: encontros con patróns, con sindicatos, con traballadores, con movementos sociais. Hai publicacións interesantes que reúnen toda

esta abundancia de material. Mais penso que a declaración vai máis lonxe do que iso: que é o que quere dicir cando afirma que o grande tema é o traballo? Eu diría que significa que moitas das cuestións sociais que nos afectan hoxe teñen as súas raíces no traballo: a migración, a pobreza e a exclusión, o ben común, a ecoloxía integral, a economía, o desenvolvemento, as empresas. En todas estas cuestións, o traballo, a situación do traballo, intervén como un factor diferencial. Son realidades que se redimensionan se as encaramos a partir da perspectiva do traballo.

Esta afirmación lémbreme moito outra de Xoán Paulo II na *Laborem exercens*, 3, onde dicía o seguinte: "Certamente o traballo, como problema humano, está no centro da cuestión social". Xoán Paulo II, na *Laborem exercens*, un gran documento sobre o traballo, tenta descubrir como é que o traballo se torna o centro da cuestión social. De tal xeito que calquera avaliación moral que se poida facer das relacións, dos elementos involucrados naquilo que a economía e a sociedade significan e constrúen, ten de ser avaliada a partir da clave do traballo: como este é tratado e como é considerado.

Esta tese levou no seu día o Papa Xoán Paulo II a facer algo que daquela foi un escándalo: equiparar o capitalismo ao colectivismo. Porque o capitalismo e o colectivismo caen no mesmo erro, pois tratan o traballo da mesma forma. Ambos reifican e consideran o traballo como un elemento máis do sistema de produción. Dalgún xeito, Xoán Paulo II centrábase no traballo para nos axudar a discernir o bo e o mau, os progresos e os retrocesos da nosa sociedade. Esta é a súa intuición: temos de colocar a realidade do traballo no centro da cuestión social, no centro da vida económica, no centro do discernimento.

Pois ben, isto é o que eu penso que o Papa Francisco está a tentar actualizar coa súa declaración: o grande tema é o traballo. E é por iso polo que, nun encontro que tivo co mundo do traballo en Xénova, nun

discurso con puntos clave moi interesantes que vou agora tentar rescatar, afirma que o traballo está en risco. Vivimos nun mundo onde o traballo non é considerado coa dignidade que ten e dá. O mundo do traballo é unha prioridade humana e, por iso, é unha prioridade cristiá e tamén unha prioridade do Papa.

Por que está en risco? Por que non é considerado na súa dignidade, na dignidade que ten e na dignidade que dá? Poida que iso teña moito que ver coa visión redutora con que se enfrenta o traballo. É visto unicamente desde a dimensión e a vertente económica, desde a clave do traballo asalariado, e identifícase o traballo co emprego, reducindo o traballo a unha troca de actividades.

Desta forma, pérdese moito da realidade do traballo. Podemos pensar en todo o traballo doméstico, o traballo que non é remunerado, non é pago. Podemos pensar en toda a realidade do mundo do traballo de coidados, que recae maioritariamente sobre as mulleres, mais que existe e que tamén ocupa tempo e ten un peso forte, mesmo no produto interno bruto. Podemos pensar en todo o traballo voluntario. Podemos pensar en todo o traballo que está subxacente á economía subterránea ou a outras formas de traballo que hoxe superan o tempo e o espazo. E podemos pensar no teletraballo.

O teletraballo transformou a forma como o traballo era encarado. O traballo era pensado en termos de espazo: íase para o despacho, para un lugar, un espazo onde se ía traballar, e o traballo era pensado en termos de tempo: tíñase un horario de traballo: das oito ás tres, por exemplo... O teletraballo hoxe muda esta forma de entender o traballo... como medilo, como cuantificalo?

Outro caso son os empregos terciarios. Por exemplo, o traballo dos cregos. Cantas veces nos din que os cregos non traballan media hora por semana? Os empregos intelectuais, os empregos no sector dos servizos, os empregos que non teñen unha mercadoría cuantificábel,

nesta visión reduccionista e economicista, dan a impresión de seren menos empregos do que empregos onde hai unha produtividade concreta, palpábel, que enriquece o noso mundo.

Fundamentalmente, a partir dunha visión só económica, cuantifícase a contribución do traballo e redúcese ao dominio material, pérdese unha visión humanista integral da persoa total.

5. Rescatar a visión humanista: o descanso, a relación e o coidado

Por iso o Papa Francisco en todas as súas intervencións fala sobre a urxencia de redescubrir as diferentes dimensións que ten o traballo. É interesante que leades *Fratelli tutti*, 162. Aquí fálase sobre esta clave do traballo. Fala das dimensións tradicionais que foron observadas e estudadas na doutrina social da Igrexa e que é importante reivindicar hoxe neste reduccionismo co que se olla para a esfera do traballo, meramente reducida á esfera do emprego e da troca. Dise no nº 162:

Nunha sociedade realmente desenvolvida o traballo é unha dimensión irrenunciábel da vida social, xa que non é soamente un modo de gañar o pan, que, por suposto, tamén o é, senón ademais unha canle para o crecemento persoal. O traballo axúdanos a crecer, a desenvolvérmonos como persoas para establecermos relacións saudábeis.

A través do traballo atopámonos con outras persoas e relacionámonos co contexto social no que vivimos; por iso, un dos traumas das persoas que se retiran, é que ás veces se vai perdendo a relacionalidade que o traballo provoca e produce. O traballo é tamén unha canle para expresarse a si mesmo. Cantas veces o traballo nos posibilita sacar adiante eses carismas e talentos que levamos dentro e cos que nos expresamos, ás veces, sen pensalo. Cantas persoas no traballo medran e se expresan en aspectos que nin eles mesmos coñecían.

O traballo é expresión para compartir dons para sentirse corresponsábel no perfeccionamento do mundo, é dicir, para construír ese ben común do que formo parte e do que me enriquezo. En definitiva, para vivir como pobo. O traballo é o que permite ser e vivir no pobo e formar parte deste pobo. Por iso, esa urxencia de descubrir, ou redescubrir, ou de reivindicar que o traballo non ten só unha finalidade económica, non só ten unha finalidade de posibilitar un salario, senón que nos axuda a medrar, a expresarnos, axúdanos a ser máis. A falta de traballo, di o Papa nun encontro con traballadores en Xénova, é moito máis ca a falta dunha fonte de ingresos para poder vivir. O traballo é tamén isto, porén é moito máis. Traballando facémonos máis persoa, a nosa humanidade florece, os mozos convértense en adultos traballando. A Doutrina Social da Igrexa viu sempre o traballo humano como participación na creación que continúa cada día, tamén grazas ás mans, á mente e ao corazón dos traballadores.

Nesa realidade moito máis integral que ten o traballo radica fundamentalmente a dignidade. O traballo dános dignidade. O obxectivo verdadeiro que hai que alcanzar, di o Papa, é fundamentalmente o traballo para todos, porque, sen traballo para todos, non haberá dignidade para todos. Se o traballo facilita todas estas cousas, ao final non se trata só dun subsidio, non se trata só duns bens económicos, senón que se trata de axudarnos a ser.

O traballo de hoxe e de mañá será distinto, talvez moi distinto, mais deberá ser traballo, non pensión. Mais teño para comer, dise, si. Teño para sacar adiante a miña familia con este subsidio, si. Teño dignidade? Non. Por que? Porque non teño traballo. Sen traballo pódese sobrevivir, mais para vivir é necesario o traballo. O Papa fai esta diferenza entre sobrevivir e vivir. É evidente que necesitamos uns recursos económicos que nos permitan desenvolver os gastos e a vida ordinaria; porén, o traballo é algo máis que eses gastos, axúdanos a ser

e a medrar porque axuda a abrollar as sementes que nos foron dadas por Deus para medrar como persoas e desde a cooperación axudarnos a vivir.

Nesta mesma liña insiste un discurso do Papa ante os sindicatos italianos o 28 de xuño de 2017 onde di o seguinte:

Se pensamos a persoa sen traballo dicimos algo parcial, incompleto porque a persoa realízase completamente cando se converte en traballador, traballadora, porque o individuo faise persoa cando se abre aos demais, á vida social, cando florece no traballo. O traballo é o xeito máis común de cooperación que a humanidade ten xerado na súa historia. Cada día milleiros de persoas cooperan simplemente traballando, educando os nosos fillos, poñendo en funcionamento equipos mecánicos, resolvendo asuntos nunha oficina. O traballo é unha forma de amor civil. Non é un amor romántico nin sempre intencional, senón que é un amor verdadeiro, auténtico, que nos fai vivir e sacar adiante o mundo.

Esta é a boa nova que a doutrina social da igrexa ten sobre o traballo. O traballo como unha clave de amor. Se o reducimos soamente ao ámbito económico, perdemos toda esa beleza que o traballo ten e empeza a verse o traballo como penalidade, e non descubro como me realizo no traballo. Cantas veces vivimos o traballo como o que se ten que padecer e o ocio ou tempo libre como aquilo onde me realizo! É preciso cambiar o enfoque. Esta é a boa nova que desde sempre a Doutrina Social da Igrexa afirmou. Este é o cambio de visión, na liña antropolóxica, do que na introdución deste Foro se nos falaba.

Ese cambio antropolóxico fundamenta un xeito de vivir o traballo diferente da visión capitalista. Propoñemos unha visión antropolóxica diferente, relacional, que sustenta todo o discurso da Doutrina Social da Igrexa. Fronte á antropoloxía capitalista que destaca o *homo* como *homo faber*, o *homo* consumidor, o *homo* individualista, o *homo* como autónomo, está a visión antropolóxica que sustenta o discurso social do

papa Francisco, que fala da importancia do descanso para sentir e entender o que é o auténtico traballo. Velaí está a clave bíblica que presenta o traballo e o descanso unidos, e o descanso como o que permite dar sentido ao traballo. E fala do traballo dende dúas claves: o traballo é relación e o traballo é coidado. "Calquera forma de traballo ten detrás unha idea sobre a relación que o ser humanos pode ou debe establecer co outro de si" (LS 125). O traballo é unha forma de relacionarnos co mundo, coas cousas, cos outros, consigo mesmo e con Deus. O traballo en clave de coidado entendémolo como responsabilidade do que teño, do que son, para que coidándoo poida transformar e me poida transformar.

6. O ideal do traballo: libre, creativo, participativo e solidario.

A partir desta concepción ampla do traballo, podemos preguntarnos: que é para o Papa Francisco o traballo ideal? Que características tería de ter o traballo para que fose digno e servise a dimensión humanista que el nos propón? A esta pregunta encontramos resposta na *Evangelii Gaudium* onde fala dun ideal de traballo e recorre a catro características que desenvolve nun discurso do 23 de maio de 2015 no que identifica estas catro características: o traballo ten de ser libre, ten de ser creativo, ten de ser participativo e ten de ser solidario.

O traballo libre ten que ver con todas as opresións a diferentes niveis que poden atenazar e limitar a liberdade no desenvolvemento do traballo e que fan que por último o traballo sexa alienante (clave marxista do traballo). O traballo, cando non se vive desde a liberdade, é unha des-posesión que o capital fai sobre cada un de nós.

A segunda característica é que o traballo ten de ser creativo. Francisco di o seguinte: "Cada home e cada muller é un "poeta", capaz de deixar espazo para a creatividade. Poeta significa iso. Mais isto pode acontecer cando se permite ao home expresar en liberdade e

creatividade algunhas formas de empresa, de traballo colaborativo realizado en comunidade que lle permita, a el e a outras persoas, un pleno desenvolvemento económico e social". O proverbio di que "de poetas e de tolos todos temos un pouco". Pois ben, o traballo é unha especie de desenvolvemento do que todo home é: un poeta. A través do traballo desenvolvemos ese espazo de creatividade, axudándonos a fomentala.

A terceira característica é a participación, que ten moito que ver coa relación, ou sexa, coa capacidade de ver o rostro do outro, de o considerar sempre como un fin e nunca como un medio ou instrumento, e de colaborar co ben común de que facemos parte. Un traballo que posibilita a participación é aquel capaz de axudarnos a sentir o gozo de formar parte dun pobo e colaborar na súa misión común. Un traballo que permite que aqueles que participan sexan protagonistas, para que non sexa só pensada por outros, senón na que todos toman parte activa.

Finalmente, está a clave da solidariedade. Un emprego que nos axude a construír unha casa común, a facer un mundo mellor, que nos axude a ir ao encontro dos pobres. O traballo ideal é aquel que contribúe á inclusión social de todos, especialmente dos máis pobres. Que o traballo sexa o instrumento para que os pobres poidan vivir do seu traballo, non da axuda, senón da súa propia contribución. É iso o que descubrimos tantas veces cando aqueles que veñen a Cáritas procuran non recibir, senón poder gañar, participar... A partir desta análise da realidade e do discurso do Papa sobre o traballo: precisamos de ver os rostros concretos en termos de misericordia e de sufrimento, empatizando con eles e levándonos á indignación.

7. Buscar xuntos unha nova economía

A realidade do traballo a partir deste ideal ten de nos pór en acción para unha transformación da economía que nos marca. Suxiro catro camiños ou propostas que aparecen no pensamento do Papa.

Por unha banda, a mudanza do paradigma económico e a construción de novos modelos económicos que dean orixe a un traballo digno para as persoas. Cómpre construír outro paradigma económico. Sabemos que el criticou varias veces o modelo actual: “Temos que dicir: Queremos un sistema xusto! Un sistema que nos faga progresar a todos. Temos que dicir: Non queremos este sistema económico globalizado, que tanto nos prexudica. No centro debe estar o home e a muller, como Deus quere, e non o diñeiro”.

Mais non se trata só de dicir que esta economía mata, non se trata só de que a falla de dereitos laborais non é unha casualidade, senón o resultado dunha opción social e un sistema económico. Non se trata só de berrar que este sistema económico está a provocar a exclusión e o sufrimento. Non só se trata de que hoxe a economía está marcada polos cartos, ou de que queiramos un sistema xusto. Trátase de reivindicar o poder traballar cun novo estilo, cun novo xeito de facer economía. Penso que aí o Papa tamén está a abrir un camiño.

Somos dados a berrar a inxustiza do noso mundo e iso é bo, porén hai que ir tamén xerando a esperanza de camiños novos e diferentes. Neste sentido está especialmente empeñado Francisco nese proxecto que leva adiante e que deu en chamarse “economía de Francisco”.

Francisco fala á mocidade, que ha de pensar no futuro que ten diante, animándoa a vivir ese cambio transformador. Fala de como está organizada a nosa economía, de facela distinta e pensala desde outras claves. Cómpre traballar xuntos nunha nova economía que se alicerza e sustenta sobre a dignidade da persoa, chamada a esa acción de riqueza

e a esa busca na que todos teñan o mínimo para vivir. Neste sentido son moi interesantes todos os discursos que ten sobre dúas partes moi importantes na xeración dunha nova economía.

Unha segunda proposta para unha nova economía ten moito que ver coa realidade do empresario. Son moitos os discursos nos que el apunta camiños concretos para os verdadeiros empresarios. O papa Francisco distingue entre os empresarios e os especuladores. Unha cousa son os empresarios que dende a clave do bo pastor aman a empresa e aman ao traballador e dan a vida e entréganse pola empresa e polo traballador, e outra son os empresarios especuladores que non só non aman a empresa, senón que se aproveitan dela: despiden, pechan, moven... A empresa non lles crea problema ningún porque o especulador usa e instrumentaliza, come persoas e medios a favor dos seus obxectivos de proveito. Na clave dunha nova economía, o empresariado ten un papel fundamental se está alicerzado nuns soportes éticos. "Cando a economía está habitada por bos empresarios, as empresas son amigas do pobo e tamén dos pobres."

A carón dos empresarios, tamén son fundamentais os bos políticos. É necesario traballar por unha boa política que controle a economía. A política ten que ser sempre o elemento que sustente unha transformación económica. Estamos demasiado afeitos a que a economía controle a política, cando ten de ser o contrario para axudar a economía a seguir un camiño ético. Por iso, é preciso que haxa políticos que fagan o seu traballo na clave da caridade política. A caridade como forma de vivir a política.

Fratelli tutti 186 convídanos a vivir esa caridade plena:

É caridade acompañar unha persoa que sofre e tamén é caridade todo o que se realiza, aínda sen ter contacto directo con esa persoa, para modificar as condicións sociais que provocan o seu sufrimento. Se alguén axuda un ancián a cruzar un río (exquisita caridade), o

político constrúelle unha ponte e iso tamén é caridade. Se alguén axuda a outro con comida, o político créalle unha fonte de traballo e exercita un modo altísimo da caridade que ennobrece a acción.

Finalmente, a fin de abrir camiños para unha nova economía, temos de eliminar os medos, evitar ideoloxías e ser capaces de levantar debates e analizar propostas que nos axuden a humanizar o mundo do traballo. É o que fai o Papa Francisco cando suxire:

A redución do horario de traballo é outra posibilidade, o rendemento básico é outra posibilidade. E é preciso ollar para ela con seriedade. No século XIX, os traballadores traballaban doce, catorce, dezaseis horas por día. Cando conquistaron a xornada de traballo de oito horas, nada colapsou como algúns sectores previran. Por iso, insisto, traballar menos para que máis persoas teñan acceso ao mercado de traballo é un aspecto que temos de explorar con algunha urxencia. Non pode haber tantas persoas sobrecargadas polo exceso de traballo e tantas outras sobrecargadas pola falta de traballo.

De feito, estas dúas medidas están hoxe encima da mesa e han ser as persoas expertas quen nos axuden a discernir cales son os camiños mais axeitados para percorrer.

Estas son, pois, algunhas das claves que o pensamento do papa Francisco nos propón. Reivindiquemos e loitemos para que o traballo se converta nun grande tema e sobre todo para que sexa un traballo digno, que produza e xere vida.

GRAZAS!

Fernando García Cadiñanos

Bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

Tradución: Xesús Portas Ferro